

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de marzo de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D^a Olga Alonso Suárez

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día vinte e dous de marzo de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, por delegación Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(239).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 06/2604, 13/2057.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes-proposta da concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, conformados pola xefa de Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a. Josefa Fernández Vázquez. Expte. 2057/13.
- D^a. Carmen Fernández Pena. Expte. 6/2604.

2(240).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 80269/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.03.13, o informe xurídico do 22.02.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Política de Benestar, do 11.03.13, conformado pola concelleira delegada de Política de Benestar e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo expediente de contratación do servizo de axuda no fogar, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 17 de xaneiro 2013 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo por procedemento aberto de data 8 de marzo de 2013.

2º.- Aproba-lo gasto de 5.800.000 euros, para a contratación do servizo de axuda no fogar, que se imputará á partida 2310.2279901 prestación do servizo de axuda no fogar. e súa bolsa de vinculación, non afectando ao normal funcionamento do departamento, e de acordo coa seguinte distribución:

ano 2013: 1.691.666,67€

ano 2014: 2.900.000 €

ano 2015: 1.208.333,33€

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

3(241).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2013. EXPTE. 80212/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.02.13, o informe de fiscalización, do 18.03.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas de Servizos Sociais, do 4.03.13, conformado polo xefe de Área de Política de Benestar, a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases e a convocatoria específica para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades da área dos servizos sociais, para o exercicio 2013, que de seguido se transcriben e os anexos obrantes no expediente.

2º.- Autorizar o crédito de 50.000 € con cargo á partida 2310.489.00.00 "Subvencións a asociacións, entidades, etc." do vixente orzamento.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2013

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985 reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/97 de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.2.k), establecen a competencia dos municipios na prestación dos servizos sociais de carácter local, prestados polas entidades de iniciativa social e sen ánimo de lucro.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais no seu artigo 58 atribúelle as corporacións locais competencias en materia de servizos sociais, e no artigo 60, enumera as competencias concretas dos concellos na referida materia; dentro destas, o apartado c) di: "a colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas por elas, evitando no posible a duplicidades e infrautilización dos equipamentos sociais". Asemade, no apartado f) do mesmo artigo recolle como competencia "o fomento e a promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local" Compre sulñar tamén que a lei de Servizos Sociais establece no seu Capítulo 1, unha nova estrutura do sistema galego de Servizos Sociais; así, a estrutura básica, según se establece no artigo 8 é en forma de rede, con dous niveis de actuación: a) Servizos sociais comunitarios, que comprenden, a súa vez, dúas modalidades: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos. b) Servizos sociais especializados

Co obxecto de fomentar as actividades das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais e coadxuvar subsidiariamente o seu financiamento, o Concello de Vigo a través da Concellería de Política de Benestar convoca as subvencións para entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro que actúen no ámbito dos servizos sociais, no marco xurídico da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto as normas de dereito privado.

A convocatoria destas subvencións efectúase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Primeira.- Obxecto e crédito

É obxecto das presentes bases regular a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2013, dentro dos niveis de actuación que establece a Lei de Servizos Sociais de Galicia, e que ademais efectúen as actividades en Vigo e cumpran os requisitos que se indican nas presentes bases.

Segunda.- Programas subvencionables:

Proxectos, programas e actividades de entidades que operan no ámbito dos servizos sociais.

O ámbito das actividades será o termo municipal de Vigo.

Estes programas subvencionarán proxectos ou actividades sociais que se poidan integrar nun ou varios dos seguintes sectores de poboación ou colectivos.

A) *Poboación en xeral:*

1. *Proxectos de atención ás necesidades materiais e específicas da poboación.*
2. *Proxectos socioeducativos coa participación activa da cidadanía que promovan e faciliten a socialización activa e a solidariedade.*

B) *Familia e Infancia:*

Proxectos destinados a persoas menores coa finalidade de promover a solidariedade e a socialización activa

Proxectos que fomenten as habilidades familiares a través de actividades educativas e de corresponsabilidade.

Proxectos que favorezcan a participación das familias cara a súa integración social e a mellora da calidade da actuación parental e a vida familiar

C) *Persoas maiores:*

Proxectos ou actividades sociais destinados a persoas maiores coa finalidade de previr a dependencia e promover a autonomía persoal.

D) *Persoas con discapacidade:*

Programas de información e/ou formación dirixidos a este colectivo, familiares e cuidadores.

Programas ou actividades dirixidas a persoas con discapacidade que fomenten a súa psicomotricidade.

Talleres alternativos non coincidentes cos desenvolvidos polo Departamento.

Programas de apoio psicosocial para as personas en situación de dependencia (autocuidado emocional, autoestima, regulación emocional, habilidades de comunicación e resolución de conflitos, etc.)

E) *Persoas emigrantes, inmigrantes e minorías étnicas:*

Proxectos socioeducativos, de carácter preventivo e de promoción social dirixidos a persoas socialmente vulnerables

F) *Persoas marxinadas sen fogar:*

Proxectos de prevención, tanto individual como familiar o comunitaria, dirixidos a persoas e colectivos en risco de exclusión social, dependencia ou desprotección.

G) *Persoas toxicómanas (alcohólicas e drogodependentes):*

Proxectos de carácter preventivo, socioeducativo e de promoción da autoestima.

Exclúense expresamente desta convocatoria as solicitudes seguintes:

1. *Aquelas que para os mesmos conceptos foran solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.*
2. *Aquelas que aínda que sólo se presentaran na Área de Política de Benestar teñen unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou*

doutras administracións, ou aquelas que pola súa natureza ou obxectivo, non se encadren dentro do ámbito de actuación dos Servizos Sociais.

- 3. Aquelas en que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contrato da area de Política de Benestar do Concello de Vigo;*
- 4. Aqueles que a xuízo da Comisión de Avaliación teñan unha escasa relevancia, ou repercusión ou carezan de interese dentro do ámbito propio dos Servizos Sociais.*
- 5. Aquelas que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.*
- 6. Aqueles que inclúan actividades de carácter político ou doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*
- 7. Aquelas que inclúan actividades propias dos clubs deportivos, agas que participen algúns dos colectivos determinados no artigo segundo, e non sexan coincidentes cos desenvolvidos polo Departamento.*
- 8. Aquelas que inclúan actividades levadas a cabo por administracións públicas, así como por entidades ou unidades que dependan orgánica ou presupostariamente delas en calquera aspecto*
- 9. Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.*
- 10. Aqueles que inclúan actividades dirixidas ao estudo, análise ou investigación académica ou estatística.*
- 11. Aquelas que inclúan actividades de signo sanitario-asistencial*

Terceira.- Financiamento e contía:

O crédito de que se dispón para a dotación deste convocatoria e de 50.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2310.4890000 "Subvencións a asociacións, entidades etc. de carácter social", sen prexuízo de que posteriormente se poida ver incrementada esta dotación con achegas posteriores. A ampliación de crédito publicarase nos mesmos medios que a presente convocatoria.

Poderá subvencionarse o cen por cen do orzamento presentado, non podendo superar, en todo caso, a cantidade de 3.000€ por entidade solicitante.

Cuarta.- Compatibilidade:

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas procedentes doutras administracións ou entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a solicitude e obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o custe total do programa, proxecto ou actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinta.- Requisitos que deben reunir as entidades solicitantes

- a) *Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro que teña entre os seus fins o desempeño de actividades sociais e con implantación local.*
- b) *Estar legalmente constituídas e inscritas, na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, no Rexistro Municipal de Asociacións da Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*
- c) *Non estar incursas en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- d) *Ter sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Vigo. Entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades. Neste caso, esta asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ao mantemento da documentación, á contabilidade e coxestión do proxecto na súa oficina de Vigo, entendendo por esta a participación en, polo menos, a identificación, formulación, seguimento e avaliación do proxecto.*
- e) *No caso de agrupación de entidades, todas elas deberán cumprir os requisitos anteriores. As entidades agrupadas asumen a responsabilidade conxunta do proxecto e designarán un domicilio único e unha cabeza de agrupación, tanto para efectos de notificacións administrativas coma de interlocución coa Administración. A porcentaxe de participación de cada entidade no proxecto, así como os dereitos e obrigas de cada unha delas, determinarase nun convenio que deberán xuntar cando se presente a documentación de solicitude. Neste convenio deberá sinalarse que cada unha das entidades asume a responsabilidade directa pola súa porcentaxe de participación e subsidiaria pola totalidade do proxecto.*
- f) *Non se considera agrupación de entidades aquelas que estean formadas por unha asociación e a federación a que pertenza dita asociación ou aquelas en que os órganos de goberno sexan coincidentes, total ou parcialmente, en todas as entidades agrupadas.*
- g) *A entidade solicitante poderá presentar un máximo de dous proxectos individuais ou en agrupación.*
- h) *Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
- i) *Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para esta convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos en que, sobre os beneficiarios das axudas económicas, recaese resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.*
- j) *Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais.*

Sexta.- Prazo, forma de presentación de solicitudes, e documentación:

6.1 Prazo e forma de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais, contados dende o día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou mediante calquera

das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común.

6.2 Modelo de presentación de solicitudes.

As solicitudes de subvención presentaranse de acordo co modelo que figura no anexo I destas bases reguladoras.

6.3 Documentación.

Coa solicitude achegarase a documentación que se recolle a continuación:

- (a) *Certificación asinada polo secretario da entidade do acordo de solicitude da subvención adoptado polo órgano de goberno da asociación ou entidade solicitante e composición de dito órgano de goberno (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente no que atinxe aos postos de representante legal e secretario/a).*
- (b) *Certificación asinada polo secretario da entidade relativa a:*
 - *Representación da persoa responsable legal da entidade.*
 - *Que dispón de sede central ou delegación permanente na cidade.*
 - *NIF da entidade.*
- (c) *Unha declaración responsable de estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Vigo, Tesourería da Seguridade Social e da Axencia Estatal da Administración Tributaria e Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, en base ao réxime simplificado de acreditación do seu cumprimento, para as subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social que se concedan a entidades sen ánimo de lucro segundo establece o artigo 24 do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. Anexo II.*
- (d) *Declaración responsable do representante legal da entidade facendo constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Anexo II.*
- (e) *Declaración responsable do representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade. Anexo I*
- (f) *Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, deberán xuntar o contrato ou acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais, así como o documento da designación do representante común.*
- (g) *Memoria explicativa e detallada dos proxecto/s ou actividade/s para os que solicitan subvención, e no que se indique como mínimo:*
 - *Nome do proxecto*
 - *Obxectivos e fins que persigue*
 - *Actividades a realizar*
 - *Número aproximado de persoas que se benefician e para os que se destina o proxecto.*
 - *Calendario de actividades*
 - *Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización do actividade ou proxecto.*

No suposto de que a entidade presentase esta documentación, ou parte da mesma, a outra convocatoria de axudas das convocadas polo Concello de Vigo no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con achegar unha declaración que especifique a documentación xa presentada, así como o número de expediente en que se atopa incorporada, anexando a documentación que falte ou estea sen actualizar.

Sétima.- Gastos do proxecto.

7.1 Gastos subvencionables.

Serán gastos subvencionables os custos directos e indirectos.

- Entenderanse coma custos directos aqueles imprescindibles para a posta e marcha do proxecto, vinculados á execución da intervención e que financian a consecución dos obxectivos. Para efectos da concesión da axuda teranse en conta:

a) *Materiais consumibles, considéranse os gastos consumibles en prazos inferiores a un ano: material de escritorio, material informático, material de formación, reprografía e imprenta.*

b) *Persoal:*

Os gastos de persoal subvencionables poderán incluír salarios, seguros sociais a cargo da entidade do persoal afecto ao proxecto.

Para o caso de que se imputen gastos de coordinación, esta actividade deberá ser realizada por persoa física distinta do/a responsable do proxecto. Cando a persoa que realiza a coordinación sexa persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante, non se poderá imputar máis do 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto.

c) *Servizos técnicos e profesionais requiridos para a realización de análise de necesidades, diagnósticos, capacitacións, seminarios, informes..., previstos para a realización do proxecto.*

- *Enténdese como custos indirectos. os gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante que resultan da formulación e execución do proxecto. Non poderán superar o 5% do orzamento total do proxecto.*

Estes gastos imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptadas e, en todo caso, na medida en que tales gastos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade, debendo acreditarse a porcentaxe aplicada mediante declaración responsable.

7.2. En ningún caso serán gastos subvencionables:

- *Os bens e equipamentos inventariables.*
- *Os xuros debedores das contas bancarias.*
- *Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.*
- *Gastos de procedementos xudiciais.*
- *As amortizacións de bens inventariables.*

- *Gastos en atencións protocolarias (xantares, festas, recepcións, regalos, flores, entradas a espectáculos, etc.).*

Oitava.- Criterios de valoración

A concesión das subvencións tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da concellería de Política de Benestar para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer una prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nestas bases reguladoras serán avaliados tendo en conta os seguintes criterios:

- 1. Aspectos relacionados coa entidade: ata 15 puntos*
 - *Experiencia relevante no sector de actuación do proxecto. Máximo 7 puntos*
 - *Capacidade de execución do proxecto pola entidade(recursos humanos, técnicos e económicos para a execución do proxecto). Máximo 6 puntos*
 - *Achega financeira da entidade no proxecto. Máximo 2 puntos*
- 2. Aspectos relacionados co contido do proxecto: ata 20 puntos*
 - *Coherencia dos obxectivos coa problemática presentada. Máximo 5 puntos*
 - *Accións que se van a desenvolver e prazo de execución. Coherencia na programación temporal. Máximo 3 puntos*
 - *Financiamento. Coherencia das partidas orzamentarias cos obxectivos de proxecto . Máximo 5 puntos*
 - *Poboación beneficiaria: descripción precisa dos destinatarios/as, criterios de determinación e análise da súa vulnerabilidade, grao de participación nas distintas fases do proxecto. Máximo 5 puntos*
 - *Incorporación da perspectiva de xénero en todas as fases do ciclo do proxecto. Máximo 2 puntos*
- 3. Carácter innovador do proxecto: . Ata 5 puntos*
 - *Metodoloxía empregada: Máximo 3 puntos*
 - *Incorporación de novas tecnoloxía: Máximo: 2 puntos*

Novena – Instrucción e resolución do procedemento

A instrucción do procedemento de concesión das subvencións convocadas corresponde ao Departamento de Política de Benestar.

O/a instructor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios de valoración que se determinan na Base oitava e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos cara a formular a proposta de resolución.

O órgano instructor, co informe da Comisión de avaliación configurada segundo se indica na base decimo primeira, elevará a proposta de resolución das subvencións solicitadas á Xunta de

Goberno Local, órgano competente que aprobará o expediente das concesións e denegacións das subvencións solicitadas.

Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo das mesmas e da documentación que as acompaña.

Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou non se acompañe a documentación que de acordo con esta convocatoria resulte esixible, requirirase ao interesado para que no prazo de 10 días hábiles emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da citada Lei. Durante o proceso de valoración das solicitudes poderase citar ás asociación para clarificar ou ampliar aspectos técnicos da solicitude.

O expediente de concesión de subvención conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

Décima.- Publicidade

-Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

As bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas de Política de Benestar e na propia paxina web do Concello de Vigo.

-Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos personais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

-Publicidade do financiamento público

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Política de Benestar – Concello de Vigo”.

Décimo primeira.- Composición da comisión de avaliación

A comisión de avaliación estará integrada pola Concelleira-Delegada de Política de Benestar, en calidade de presidenta, o xefe de área, a xefa de servizo e un/ha funcionario/a do departamento de Política de Benestar designado/a para o efecto como vocais da mesma, exercendo un deles como secretario/a.

Décimo segunda.- Notificación da resolución e recursos

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de 4 meses como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral.

A resolución da Xunta de Goberno Local esgota a vía administrativa, e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recursos contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación, de acordo co artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e 8.1 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa entenderase desestimada a petición da axuda. Contra esta desestimación presunta poderá recorrerse en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recursos contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, sen prexuízo da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

En todos os prazos contaranse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

Décimo terceira.- Obrigas dos beneficiarios

- A aceptación da subvención por parte dos adxudicatarios implica a aceptación das obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro e leva implícita a autorización á Concellería de Política e Benestar do Concello de Vigo para facer públicas as subvencións concedidas de acordo co definido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- Realizar o proxecto ou actividade que fundamentan a concesión da subvención.*
- O emprego da lingua galega na realización das actividades*
- Xustificar a aplicación dos fondos recibidos dentro dos prazos establecidos, así como a realización da actividade e cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.*
- Colaborar coas actuacións de comprobación e información quedando obrigadas a facilitar a tarefa de seguimento durante o período contemplado na presente convocatoria.*
- Dispoñer da documentación contable que lles sexa esixida polos órganos de fiscalización e facilitala para garantir as facultades de inspección e control.*
- Declarar as subvencións recibidas do Concello e doutros entes públicos ou privados.*
- Facer constar nos materiais de difusión e publicidade o apoio do Concello de Vigo- Política de Benestar-, comprometéndose á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista.*
- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Conse-*

llo de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

- *E as demais obrigas consignadas nos artigos 14 da Lei Xeral de Subvencións e 11 da Lei de Subvencións Galega.*

Décimo cuarta.- Prazo e forma de xustificación

Unha vez notificada a resolución da concesión da subvención procederase á xustificación e pagamento na forma que se indica a continuación.

A xustificación das axudas se presentará no Rexistro Xeral deste concello, como máximo ata o 31 de outubro de 2013. Non obstante, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, poderá ser ampliado o prazo destas xustificacións se ocorreran excepcións debidamente acreditadas, respetando sempre as Bases de execución do orzamento sobre esta materia.

En todo caso, a xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

A documentación para xustificar a subvención presentarase no Rexistro Xeral, e constará de tres partes:

- a) Xustificación técnica: Indicará co máximo detalle os obxectivos conseguidos, os resultados obtidos, as actividades realizadas, así como o análise de súa sustentabilidade futura e incluirá:*
 - *Certificación da persoa que desempeñe a representación legal da entidade beneficiaria acreditada da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ao fin destinado.*
 - *Memoria, por duplicado, de execución sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinada pola persoa responsable do proxecto.*
- b) Xustificación económica: Comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e realizarase mediante a forma de conta xustificativa. Presentarase utilizando o anexo III que inclúe :*
 - *Unha relación clasificada de gastos vinculados á subvención.*
 - *Facturas orixinais e documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, incorporados na relación anterior e polo importe subvencionado. As facturas quedarán a disposición do Concello de Vigo e non se admitirán aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, polo que se regula o deber de expedir factura que incumbe a profesionais e empresarios.*

Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite, mediante declaración xurada, que a entidade está exenta de IVE ou non presenta declaración por este imposto.

- *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada, con indicación do importe e procedencia.*
- *Os documentos xustificativos deberán comprender os gastos vinculados de forma directa ao ano 2013.*
- *Declaración xurada sobre os seguintes extremos:*
 - *Que os gastos son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.*
 - *Que a Entidade fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Vigo.*
 - *Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.*
 - *Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
 - *Que se atopa ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, ca Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia e coa Tesourería da Seguridade Social.*

Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, ou cando a entidade solicitante demande o orixinal presentado, as facturas e documentos poderán marcarse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para a que se presenta como xustificante e se o importe se imputa total ou parcialmente á mesma, indicando neste caso a contía exacta que resulte afectada. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado.

Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso de non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. Asemesmo, poderá reducirse a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

Décimo quinta.- Seguimento

O persoal técnico do Departamento de Política de Benestar será o encargado do seguimento da execución das subvencións, así como de certificar a adecuada xustificación das mesmas mediante emisión dun informe que se incorpora coa conta xustificativa e a documentación presentada, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento do obxecto da subvención, así como a conformidade cos documentos xustificativos presentados, ou aquelas circunstancias que imposibilitan súa aprobación.

Décimo sexta.- Tratamento de datos de carácter persoal.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Co-

mún e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.

Décimo sétima.- Norma final

En todo aquilo non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto nas Bases, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

4(242).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 57.370,92 € A FAVOR DE EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO Á U.A.D. CEDRO DURANTE O MES DE FEBREIRO DE 2013. EXPTE. 1958/315.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.03.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos do 8.03.13, conformado polo xefe e a concelleira delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 57.370.92 euros, a favor de EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. (CIF: A-79022299), pola prestación dos servizos de apoio á unidade asistencial de drogodependencias CEDRO durante o mes de febreiro de 2013.

2º.- Imputar o gasto de 57.370.92 euros a partida orzamentaria 3133.2279901 "Servicio Metadona", minorando dito importe do RC 201300013838 de 172.112.76 euros.

5(243).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓNS, ÁRIDOS MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E MATERIAIS DE FERRETERÍA PARA O TALLER DE FOMENTO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 65970/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do secretario da Mesa de Contratación do 19.03.13, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (CIF B-36741379) os lotes 1 (formigóns), 2 (áridos), 3 (materiais de construción), e 4 (materiais de ferretería) do procedemento aberto para a contratación da subministración de formigón, áridos, materiais de construción, e materiais de ferretería (expediente nº 65970-250) por uns prezos totais respectivos de 300.000 euros/ano, 160.000 euros/ano, 350.000 euros/ano; e 100.000 euros/ano e unhas baixas porcentual únicas respecto dos prezos unitarios definidos no prego de prescripcions técnicas particulares do 9% para o lote 1, 6% para o lote 2, 1% para o lote 3; e 1% para o lote 4. Todo o anterior de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- Quedar enterada dos seguintes acordos de exclusión de licitadores adoptados pola Mesa de Contratación:

- Do acordo da Mesa de contratación celebrada o 05/12/2012 no que se procede á non admisión da empresa Ferretería Punto Fijo, SL, por non acreditar a súa solvencia técnica para contratar coa administración.
- Do acordo da Mesa de contratación celebrada o 05/12/2012 no que se procede á exclusión da empresa Manuel Muradas Seara, por non ofertar unha baixa única para os elementos do lote 4 ao que licitaba.

6(244).- DESESTIMENTO NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA O ALLEAMENTO DE 140 UNIDADES DE COLECTORES METÁLICOS E INICIO DUN NOVO PROCEDEMENTO. EXPTE. 4372/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.03.13, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 15.03.13, conformado pola concelleira delegada de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Directiva 2004/18/CE do Parlamento europeo e do Consello, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de fornezo e de servizos (Directiva 2004/18/CE).*
- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP).*
- *Código Civil, aprobado polo Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*

- *Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.*
- *Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e chans contaminados.*

ANTECEDENTES

En sesión de data 1 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local, acordou “Allear para chatarra 140 colectores metálicos de tipo “carga-pluma” para a recollida de papel e cartón, que se atopan depositados nun solar municipal da rúa de Urania Mella Serrano no PERI Barreiro, por un prezo mínimo de 8.442 euros, solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir as seguintes condicións:

- *As empresas licitadoras aportarán a autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos.*
- *O prezo mínimo se establece en 8.442 euros, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.*
- *Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, procedéndose á retirada no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.*
- *O adxudicatario será o licitador que oferte un prezo máis alto.*
- *Os interesados poderán inspeccionar o material previo contacto coa xefatura do Servizo de Limpeza (...).”*

En data 05/03/2013 o presente procedemento foi obxecto de publicación no perfil do contrante do Concello de Vigo, residenciado na páxina web do Concello www.vigo.org, abrendose o prazo para a presentación de ofertas, que finaliza en data 18/03/2013.

En data 14/03/2013, o xefe do servizo de Limpeza solicita o desestimento deste procedemento baseándose en que “por erro na redacción do prego de condicións que rexen o concurso, estableceuse unha condición pola que as empresas licitadoras deberán aportar a autorización concedida pola Xunta de Galicia como Xestor de residuos perigosos. Cabe indicar que as unidades enaxenadas son colectores metálicos para a recollida de Papel-cartón que foron retirados do uso na cidade, e non constitúen un residuo perigoso, senon un residuo metálico inerte, polo que non é necesaria a condición de xestor autorizado en residuos perigosos tal como se establece por exemplo para a enaxenación de vehículos fora de uso, nos que sí e preciso. Dende o punto de vista Medioambiental e conforme ao artigo 8.1 da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e chans contaminados, o principio de Xerarquía de residuos establece que as administracións competentes, para acadar o mellor resultado ambiental global, aplicarán no tratamento dos residuos primeiro o proceso de reutilización e segundo o de reciclaxe por esta orde. Consonte co anterior, enténdese necesario modificar o prego de prescricións que rexen o concurso para que se permita a presentación de ofertas encamiñadas á reutilización e non so ao reciclaxe como é o caso dos xestores de residuos”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Compre analizar en primeiro lugar a natureza do contrato que nos ocupa. O obxecto deste contrato é o alleamento de colectores metálicos para a recollida do papel-cartón. Consonte o disposto polo artigo 20 en relación co artigo 19.1 do TRLCSP, o presente contrato pode cualificarse como contrato privado. En concreto, trátase dun contrato de compravenda, regulado no Título IV do Libro IV “Das obrigas e contratos” do Código Civil. Segundo o artigo 1445 CC “Polo contrato de compra e venda uno dos contratantes obrígase a

entregar unha cousa determinada e o outro a pagar por ela un prezo certo, en diñeiro ou signo que o represente”.

Segundo.- Resulta preciso agora determinar o réxime xurídico aplicable ó contrato que nos ocupa.

Segundo determina o artigo 20.2 do TRLCSP “Os contratos privados rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola presente lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto ós seus efectos e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado. No entanto, serán de aplicación a estes contratos as normas contidas no Título V do Libro I, sobre modificación dos contratos”.

En consecuencia, o desestimento rexerase pola lexislación de contratos.

Terceiro.- A nosa lexislación contractual permite ó órgano de contratación desistir do procedemento, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 155 TRLCSP):

- 1. Que se acorde polo órgano de contratación antes da adxudicación.*
- 2. Que estea fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.*
- 3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.*

Analizaremos a continuación a concorrencia dos mesmos no suposto que nos ocupa:

- O presente procedemento aínda está en fase de presentación de ofertas, polo que se cumpriría o primeiro destes requisitos.*
- O desestimento ven determinado pola infracción non subsanable das normas reguladoras do procedemento de adxudicación, en concreto, se esixe os licitadores como condición de solvencia ó estar en posesión de autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestor de residuos perigosos. No entanto, tal e como manifesta o xefe do servizo de limpeza no seu informe, os colectores obxecto deste contrato non teñen porque reciclarse, senón que é posible a súa reutilización, solución preferible dende o punto de vista da lexislación medioambiental. Ademais non constitúen un residuo perigoso, senón un residuo metálico inerte, polo que non é necesaria a condición de xestor autorizado en residuos perigosos para poder adquirir ós mesmos.*
- Coa exposición da concorrencia desta causa se cumpriría o último dos requisitos legais para poder desistir dun procedemento de contratación. O feito de esixir unha condición de solvencia non necesaria para poder licitar é contraria ós principios que rexen a nosa lexislación contractual. Efectivamente, tanto a lexislación comunitaria como a nacional establecen, entre outros, como principios da contratación pública os de liberdade de acceso ás licitacións, non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, así como a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa (artigo 1 TRLCSP e 2 Directiva 2004/18/CE). A esixencia dunha condición de solvencia non necesaria quebra o principio de liberdade de acceso ás licitacións e a concorrencia, limitando a competencia ó non poder acceder á licitación os licitadores que non posúan o requisito esixido e limitando as posibilidades da administración de obter unha oferta máis vantaxosa.*

A lexislación contractual impón a administración contratante a obriga de notificar o desestimento do procedemento ós candidatos ou licitadores participantes no mesmo (artigo 155.1 TRLCSP).

Cuarto.- O desestimento non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación (artigo 155.4 LCSP). O xefe do servizo de limpeza, no citado informe de 15/03/2013,

propón que se inicie un novo procedemento de licitación por ser necesario vender os colectores retirados. En consecuencia, se inclúe como Anexo I ó presente informe un novo prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o alleamento de 140 unidades de colector metálico.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Declarar o desistimento no procedemento aberto para o alleamento de 140 unidades de colector metálico (expediente 4372-241).

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o alleamento de 140 unidades de colector metálico incluído no Anexo I deste informe.

3º.- A apertura dun novo procedemento de licitación para o alleamento de 140 unidades de colector metálico.

4º.- Dar traslado do presente acordo ós licitadores que teñan presentado oferta neste procedemento.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(245).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) ITURRI S.A. EXPTE. 2877/213.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a ITURRI, S.A. as garantías por importes de 47.621,23.-, 23.658,49.-, 2.769,40.-, e 1.889,62.- euros, constituídas para responder das subministracións de dúas escaleiras; dúas autobombas urbanas, unha lixeira e outra pesada; un equipo de extracción de fumos; e mobiliario; todo iso para o servizo de Bombeiros, xa que foron recibidos conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

B) TRABAJOS AUXILIARES DE PUENTES S.L. EXPTE. 4376/241.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo actual, acordou devolver a TRABAJOS AUXILIARES DE PUENTES, S.L. a garantía por importe de 3.497,68 euros, constituída para responder das obras de construción de pista deportiva e urbanización de parcela do Centro Cívico de Teis.

Foi detectado un erro mecanográfico, xa que a cantidade correcta é 13.497,68 euros, polo que proponse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Corrixi-lo acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2013, de devolución de garantía, quedando redactado como segue:

Devolver a TRABAJOS AUXILIARES DE PUENTES, S.L. a garantía de 13.497,68 euros, constituída para responder das obras de construción de pista deportiva e urbanización de parcela do Centro Cívico de Teis, xa que as obras foron recibidas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a devandita proposta.

8(246).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO AMFIV EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO SEU EQUIPO DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2012/2013. EXPTE. 11945/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.03.13, o informe xurídico da 6.03.13, e de acordo do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 29.01.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e pola concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva C.D. AMFIV para o a subvención do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría División de Honra na tempada deportiva 2012/2013.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 35.000,00 €. a favor da entidade C.D. AMFIV co CIF: G-36711380 e enderezo social na rúa LG Canido Estación S/N en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 11945-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.07 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE C.D. AMFIV PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2012-2013.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil trece.

REUNIDOS

Dunha parte, Alcalde de Vigo Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Pablo Beiro Diz como presidente da entidade C.D. AMFIV CIF nº G-36711380 e enderezo social na rúa LG canido Estación s/n en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 11945-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade C.D. AMFIV conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honra de Baloncesto en cadeira de rodas que desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte. A entidade C.D. AMFIV desenvolve o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2012/2013.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- (h) Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.07 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 35.000,00 €, a favor da entidade deportiva C.D. AMFIV.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de élite da entidade C.D. AMFIV na tempada deportiva 2012/2013.

V.- Que a entidade C.D. AMFIV non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11945-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade C.D. AMFIV o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade C.D. AMFIV comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C.D. AMFIV na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de élite na cidade de Vigo.

2º.- *Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C.D. AMFIV (revista, web, etc).*

3º.- *Conceder directamente á entidade C.D. AMFIV unha subvención por importe de 35.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.07 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades do equipo de élite da entidade, desenvolvidas na tempada deportiva 2012/2013.*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2012/2013. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2012/2013.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2013.

9(247).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA PROBA XXXVI TROFEO CAMPO A TRAVÉS SAN MIGUEL DE OIA O 24 DE MARZO DE 2013. EXPTE. 11998/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.02.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Sociedade Deportiva Atletismo San Miguel de Oia, a organizar o vindeiro domingo 24 de marzo de 2013, a proba deportiva XXXVI TROFEO CAMPO A TRAVÉS SAN MIGUEL DE OIA, que se desenvolverá en horario de 10.00 a 13.30 horas, cun percorrido polo barrio da Verdella en San Miguel de Oia.

10(248).- ADXUDICACIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á FUNDACIÓN VIDE EN DEPORTE DENDE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO POLA SÚA ACTIVIDADE NO ANO 2013. EXPTE. 11967/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 19.03.13, o informe xurídico do 5.03.13, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.03.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a presente resolución de concesión de subvención directa por un importe de 125.000,00€. a favor da entidade Fundación Vigo en Deporte, co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo con cargo á partida 3410.489.00.02 do vixente orzamento e de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de resolución é coadxuvar á financiación da Fundación VIDE, de natureza fundacional, de interese xeral galego e constituída sen ánimo de lucro, para a execución do proxecto de promoción do deporte Vigüés realizado pola Fundación VIDE para o ano 2013.

b) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire ó réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013.

c) Esta subvención ten un claro carácter de interese público social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente, no orzamento aprobado para o exercicio 2013, nas

partidas indicadas, consonte co artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

d) Esta subvención non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

e) Que a entidade VIDE non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11967-333.

f) Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

g) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución á Fundación VIDE, deberá realizarse no prazo comprendido entre a notificación da presente resolución, e ata tres meses tras a finalización das actividades viculadas ó proxecto, para o que VIDE deberá de adxuntar, coa memoria xustificativa correspondente das actividades realizadas, xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe da subvención (facturas previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación), documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou póla propia Fundación VIDE que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes ou documentos orixinais da certificación de Doacións realizadas póla Fundación VIDE a favor da entidade correspondente que xustifique o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

h) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao

disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

j) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

k) A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

l) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, o presente convenio autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

2º.- Aprobar o seguinte procedemento de pago de acordo coas características especiais da actividade, dados os gastos previos á actividade que ten a Fundación VIDE.

- O 50% (62.500,00€) do importe total proposto será abonado tras a aprobación do expediente de subvención por parte da Xunta de Goberno Local, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización das actividades expostas no proxecto de actividades. En relación a este pago anticipado non se considera necesario a solicitude de avais específicos, xá que a solvencia e capacidade da Fundación VIDE, está demostrada pola traxectoria da entidade como organizadora do proxecto de actividades obxecto da subvención dende o ano 2002. Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:
 - 20.593,50€ serán abonados directamente ó Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago do 50% do importe dos dereitos recoñecidos pendentes de pagamento pola Fundación Vide con este organismo a data 28/12/2012.
 - 41.906,50€ serán abonados directamente á Fundación VIDE co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo, mediante transferencia bancaria. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.02 do vixente orzamento.

- O resto do importe abonarase á Fundación VIDE de modo fraccionado a medida que vaian rematando as actividades do proxecto, e tras a presentación das respectivas xustificacións parciais correspondentes ó desenvolvemento das actividades, xunto co informe do técnico responsable. Establécese que xunto á tramitación do primeiro pago fraccionado, e previo o abono deste, VIDE deberá xustificar axeitadamente o 50% do importe total da subvención. Así mesmo, de non estar satisfeito o pago dos dereitos recoñecidos da Fundación VIDE co IMD no momento do abono do segundo pago da achega municipal, procederá a facer a mesma retención e pagamento ao IMD que na achega inicial.

A axeitada xustificación, a realización da cada unha das actividades parciais e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá un informe ao respecto, previo o abono de cada un dos pagos parciais facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

11(249).- PROCEDIMIENTO PARA A XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO PRESUPOSTO MUNICIPAL DE MANTENIMENTO ORDINARIO DOS CEIP DE VIGO PARA 2013. EXPTE. 14797/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.03.13, e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 26.02.13, conformado pola delegada da Área de Educación e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o *Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo, para o ano 2013 (Programa Autoxestión 2013)*, que de seguido se transcribe e os anexos obrantes no expediente.

2º.- Aprobar as modificación puntuais de determinados aspectos da *Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos*, do seguinte xeito:

Onde	Texto actual	Texto proposto
1. Aspectos xerais. Limitación económica (páx. 10)	Non se poderán realizar, con cargo ao Programa Autoxestión, obras e actuacións (agás no caso de autorización expresa da UTSE) cun importe que supere os 1.000 euros	Non se poderán realizar, con cargo ao Programa Autoxestión, obras e actuacións (agás no caso de consulta previa de conformidade coa UTSE) cun importe que supere os 1.000 euros
ED.9.3 Pequenas reparacións, reposición de elementos (pax.41)	En caso de ter que substituír algunha tubaxe (ou tramo) da rede de subministro de auga, deberase ter en conta que non se poden mesturar ...	En caso de ter que substituír algunha tubaxe (ou tramo) da rede de subministro de auga, esta actuación deberase avisar e consultar previamente coa UTSE.

3º.- Aprobar a autorización do gasto previsto para a posta en marcha do Programa de Autoxestión 2013, destinando para tal fin a cantidade de 285.304,72 euros (DOUSCENTOS OITENTA E CINCO MIL TRESCENTOS CATRO EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS), da partida 3210 2120000 "Reparacións e mantemento edificios colexios" do orzamento municipal vixente.

PROCEDIMENTO PARA A XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO PRESUPUESTO MUNICIPAL DE MANTEMENTO ORDINARIO DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO, PARA O ANO 2013
(Programa Autoxestión 2013)
(expte.: 14797/332)

BASES

PRIMEIRA.- Destínase a cantidade de 296.590,00 euros para o ano 2013, para ser xestionada directamente polos consellos escolares de cada centro público de educación infantil e primaria, para atender as reparacións ordinarias dos mesmos, fundamentalmente no referido aos traballos de mantemento dos centros que precisen actuacións de pequena entidade, consonte coas consideracións que se especifican na Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos, editada polo servizo municipal de Educación, sobre competencias e procedementos de mantemento e conservación, que obra en poder dos respectivos equipos directivos dos centros públicos, e de conformidade co indicado no presente Procedemento.

SEGUNDA.- Esta cantidade distribuirase en cada colexio seguindo o baremo que se indica na base Sétima e que queda reflectido no Anexo I. Haberá que ter en conta que, para a determinación final do diñeiro a transferir este ano 2013 aos centros, e conforme ao establecido na base Terceira do Programa Autoxestión, aqueles centros que presentan saldo positivo na xustificación do Programa no anterior exercicio (2012), ese saldo detraerase da cantidade asignada no Anexo I, quedando deste xeito a conformación final do financiamento conforme se reflecte no Anexo II, cun montante total de 285.304,72 euros. Aínda así, a cantidade a xustificar no presente exercicio de 2013 será a indicada no Anexo I inicial (296.590,00 €), pois representa a totalidade do financiamento municipal dispoñible por cada centro educativo (saldo 2012 + financiamento 2013). A cantidade asignada para o presente ano 2013 farase efectiva do xeito que se indica no seguinte punto.

TERCEIRA.- O Concello entregará á dirección de cada colexio a cantidade asignada nun pago único, a principios do ano, consecuencia da tramitación e aprobación polo órgano competente do correspondente expediente para o Programa Autoxestión.

Durante o primeiro mes do ano seguinte, a Dirección do centro educativo presentará a xustificación da totalidade do importe librado (Relación de facturas), tal e como a continuación se indica, xunto coa correspondente Certificación do acordo do Consello Escolar. No caso de que o importe xustificado fora inferior ao importe librado, o correspondente saldo será deducido do seguinte ingreso a realizar (pago do ano seguinte) polo Concello de Vigo ao abeiro do Programa Autoxestión, contabilizándose a partir dese momento como importe a xustificar no novo período. Se o centro educativo non participara no citado programa nesa anualidade, o saldo deberá ser ingresado na conta do Concello, polo que a aportación municipal para a conservación e mantemento será xustificada na súa totalidade.

Esta documentación xustificativa, correspondente ao programa municipal de Autoxestión 2012, será supervisada pola Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) para o seu posterior informe do Servizo de Educación, acreditativo de que as facturas son conformes aos fins previstos nas presentes bases.

A xustificación de fondos librados deberá ser presentada pola dirección dos centros educativos do seguinte xeito:

1) Relación de facturas: conxunto ordenado de facturas (legais e orixinais) que xustifican gasto referido a traballos de mantemento ordinario e preventivo. As facturas deberán ser de curso legal e nelas debe figurar:

- A palabra "Factura", co seu número correspondente.
- Datos completos do proveedor: nome, CIF, enderezo.
- Concepto do gasto, o máis concreto posible.
- Importe total, co IVE desglosado ou indicando IVE incluído.

Os orixinais das facturas serán arquivados na secretaría do centro para, se é o caso e conforme á base Sexta do Programa Autoxestión, poder seren consultados polos servizos técnicos e económicos municipais.

O modelo de encabezado para a citada relación de facturas deberá ser obrigatoriamente deste formato:

Data factura	Nº factura	Proveedor	NIF proveedor	Concepto	Importe
--------------	------------	-----------	---------------	----------	---------

2) Certificación do acordo do Consello Escolar correspondente, no que se indique a aprobación das contas que se presentan ao Concello para a liquidación. Esta certificación deberá recibirse no Servizo de Educación preferentemente dentro da segunda quincena do mes de xaneiro de cada ano. Para a súa elaboración, a correspondente Comisión Económica, coa presenza do representante municipal no Consello Escolar, reunirse previamente á celebración do citado Consello Escolar, co obxecto de presentar a xustificación dos gastos efectuados ao abeiro do presente programa municipal de Autoxestión, que se concretará na supervisión da relación ordenada das facturas pagadas con cargo a Autoxestión.

CUARTA.- As contías entregadas destinaranse integramente a gastos relativos ao mantemento ordinario e mantemento preventivo, tanto no referido ao pagamento de facturas relativas aos materiais necesarios (cristais, bombillas, peches, apliques, ...), como ao pagamento das facturas por man de obra e servizos de empresas competentes nas materias obxecto do gasto, legalmente establecidas. Para a concreción do aquí indicado, estarase ao disposto na citada Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos. Para aqueles gastos cun importe superior aos 1.000 euros, deberase efectuar consulta previa de conformidade coa UTSE.

QUINTA.- Prohíbese expresamente, baixo a responsabilidade da dirección do centro, a realización con fondos do Programa Autoxestión de obras de mellora, reforma ou ampliación, así como aquelas reparacións que afecten ás instalacións da calefacción central, gas, instalacións eléctricas e instalacións de fontanería (abastecemento e saneamento) e as que poidan supoñer pon-teo, modificación ou sobrecarga das liñas ou demais elementos, agás nos casos nos que a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) as autorice expresamente. Sen embargo, a substitución de elementos eléctricos como bombillas, lámparas, cebadores, resistencias, etc, entran no Programa Autoxestión e deberán ser realizados polo centro, ao igual que as actuacións simples de fontanería que non afecten ás tubaxes de abastecemento e saneamento.

Todas as reparacións a efectuar nos colexios que non poidan ser comprendidas nos termos deste acordo, deberán ser solicitadas por escrito (preferentemente mediante correo electrónico) á Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE), que actuará, asimesmo, en caso de emerxencias ou grandes avarías, así como nos casos nos que os colexios non teñan recursos suficientes para afrontalos cunha programación plurianual e por fases, previo informe da Unidade Técnica do Servizo municipal de Educación.

O Concello resérvase a capacidade de rescindir unilateralmente este acordo cun colexio determinado, no caso de incumprimento dalgún dos seus apartados.

SEXTA.- Dada as diferencias que existen entre uns colexios e outros, a fin de evitar un progresivo distanciamento da calidade entre os centros, controlarase estrictamente o uso das cantidades asignadas. Este control realizarase por medio do persoal técnico do Servizo de Educación e polos mecanismos propios da Intervención municipal e os procedementos ordinarios de inspección de contas previstos na lexislación vixente.

SÉTIMA.- Para a distribución do presuposto xeral previsto, asignarase a cada colexio un número de puntos, resultante da aplicación do seguinte BAREMO:

Estado xeral do centro (criterio da UTSE):

- estado xeral bo (superior á media): 2 puntos
- estado xeral regular (media): 5 puntos
- estado xeral malo (inferior á media): 10 puntos

Número de alumnos (datos da Consellería de Educación da Xunta de Galicia):

- entre 11 e 50: 2 puntos
- entre 51 e 150: 5 puntos
- máis de 150: 10 puntos

Superficie edificada (m²):

- entre 50 e 500: 10 puntos
- entre 501 e 1500: 15 puntos
- entre 1501 e 2500: 20 puntos
- entre 2501 e 4000: 25 puntos
- entre 4001 e 5500: 30 puntos
- máis de 5500:35 puntos

Superficie terreos (m²):

- entre 50 e 1000: 10 puntos
- entre 1001 e 3000: 15 puntos
- entre 3001 e 6000: 20 puntos
- entre 6001 e 9000: 25 puntos
- máis de 9000: 30 puntos

OITAVA.- O mantemento das vivendas dos vixilantes-porteiros e do profesorado non está incluído nos custos asumibles polo Programa Autoxestión.

NOVENA.- O Servizo de Educación cursará as ordes oportunas á Intervención Xeral para o ingreso das cantidades correspondentes a cada colexio acollido ao Programa Autoxestión.

DÉCIMA.- Os centros educativos do Anexo I que, por calquera razón, decidan deixar de participar no presente Programa, deberán manifestalo expresamente por escrito. O servizo municipal de Educación, en base a causas xustificadas e documentadas, poderá dar de baixa do presente Programa aos centros educativos que incumpran o establecido nas disposicións que o regulan (Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo -de aprobación anual-, e Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos).

12(250).- RENUNCIA DE D^a DOLORES RÚAS COMESAÑA, ADXUDICATARIA DUNHA BOLSA “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA EOI DE VIGO. EXPTE. 14376/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 18.03.13, conformado pola delegada da Área de Educación, que di o seguinte:

1º.- Aprobar a renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa de lingua inglesa “Concello de Vigo”, da beneficiaria Dolores Rúas Comesaña.

2º.- Dar conta aos servizos económicos correspondentes e que se reintegre a cantidade de 841,25.-€ á partida económica 3210.489.00.10 “Becas estudos internacionais”.

13(251).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DA EMPRESA LA PEZERA DE VIGO S.L.U. Á AXUDA MUNICIPAL Á CONTRATACIÓN 2012. EXPTE. 9214/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 13.03.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 7 de decembro de 2012, e de conformidade coa proposta da Comisión de Valoración e Seguimento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado resolveu, entre outras, a concesión dunha axuda por importe de 2100,00 € á empresa LA PEZERA DE VIGO, SLU, con CIF B27760859 (expediente 9214/77).

Segundo.- Con data do 28.02.2013 e co número de documento 130024554 a empresa LA PEZERA DE VIGO, SLU, con CIF B27760859 (expediente 8945/77) presentou a renuncia voluntaria a axuda concedida pola súa incompatibilidade coa axuda do programa EMEGA que lle concedeu a Xunta de Galicia ao considerar que ambas teñen a mesma finalidade.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, en redación dada pola Lei 4/1999, establece o seguinte:

1)Artigo 87, establece que “Pondrán fin al procedimiento la resolución, el desistimiento, la renuncia al derecho en que se funde la solicitud, cuando tal renuncia no esté prohibida por el Ordenamiento Jurídico, y la declaración de caducidad.”;

2)Artigo 90 “Todo interesado podrá desistir de su solicitud o, cuando ello no esté prohibido por el Ordenamiento Jurídico, renunciar a sus derechos.” e o artigo 91, no punto 1, “ Tanto el desistimiento como la renuncia podrán hacerse por cualquier medio que permita su constancia.” e no punto 2. “La Administración aceptará de plano el desistimiento o la renuncia, y declarará concluido el procedimiento”.

Na lei 38/2003, de 17 de novembro de, Xeral de Subvencións, establécese o seguinte nos artigos:

□ *Artigo 90 aparece “Todo interesado podrá desistir de su solicitud o, cuando ello no esté prohibido por el Ordenamiento Jurídico, renunciar a sus derechos. “;*

□ *Artigo 91, punto 1 “Tanto el desistimiento como la renuncia podrán hacerse por cualquier medio que permita su constancia”, no punto 2. La Administración aceptará de plano el desistimiento o la renuncia, y declarará concluido el procedimiento salvo que, habiéndose persona-*

do en el mismo terceros interesados, instasen éstos su continuación en el plazo de diez días desde que fueron notificados del desistimiento.”

As Bases reguladoras e convocatoria do ano 2012 do programa de Axudas Municipais á Contratación, Expediente 8849/77 establece na Base 6ª a renuncia da subvención...

Ademáis, o órgano competente para resolver é a Xunta de Goberno Local de conformidade coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Á vista dos antecedentes e das consideracións expostas propónse a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia expresa e declarar concluso o procedemento iniciado, de solicitude de subvención da axuda municipal á contratación para o ano 2012, da empresa:

- i) LA PEZERA DE VIGO, S.L., con NIF B27760859, por renuncia expresa presentada no Rexistro Xeral o 28 de febreiro de 2013 con número de documento 130024554. (expediente 8945/77).*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(252).- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO ÁMBITO DE APLICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DE PONTEVEDRA “FREPOHOS” NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2012. EXPTE. 9105/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 11.03.13, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 14.03.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

O pasado día 4 de decembro de 2012 aprobouse pola Xunta de Goberno Local convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALARÍA DE PONTEVEDRA “FEPROHOS”, e asinouse o citado convenio de colaboración o pasado 12 de decembro de 2012.

Neste convenio contemplábase entre outras cousas:

1. Favorecer e facilitar a inserción e reinserción laboral de todas as persoas beneficiarias acollidas ao programa proposto, mediante o desenvolvemento de accións, deseñadas e programadas co fin de incrementar e mellorar a súa empregabilidade, facilitando deste xeito o seu acceso ao emprego, entre as que cabe suñar:

- j) Accións de reciclaxe e orientación profesional.*
- k) Orientación e asesoramento laboral*
- l) Acompañamento e titorización na procura de emprego*
 - Formación*
 - Curso de Manipulador de alimentos (modalidad básica)*
 - Curso Básico en Prevención de riscos laboráis*

- *Curso de Inserción laboral: técnicas de busca de emprego*
- m) *Intermediación laboral*
 - *Información e asesoramento laboral*
 - *Xestión de colocación e seguimento*

Para o que se aprobou que para o desenvolvemento do convenio se imputasen os gastos necesarios para o mantemento de 3 postos de traballo (Unha coordinadora, Unha orientadora laboral e Unha técnica de formación), e unha axuda directa á contratación por cada unha das persoas contratadas que participen no proxecto por empresas inscritas en asociacións pertencentes á FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALARÍA DE PONTEVEDRA "FEPROHOS", cara a mellora a dinamización, e fomento da participación cidadá e o fomento do emprego na entidade aos efectos de conquistar os obxectivos plantexados.

A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALARÍA DE PONTEVEDRA "FEPROHOS", ten entre os seus fins:

- *Promover o desenvolvemento económico e social do sector da hostalaría e o turismo na provincia.*
- *Fomentar e defender a unidade e integración sectorial.*
- *Representar e defender os intereses dos seus membros, e os empresariais do sector da hostalaría e do turismo, ante calquera clase de organismo público ou privado.*
- *Cooperar no desenvolvemento das políticas sociais de igualdade de oportunidades, aforro enerxético, coidado do medio, e de promoción de persoas en risco de exclusión por razóns físicas, sociais, económicas ou culturais, levando a cabo accións de utilidade pública, e educativas en beneficio da sociedade.*

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo en xeral e en concreto coas existentes no sector empresarial e social e cara a dinamización da asociación como potencial entidade de creación e fomento do emprego no seu entorno, establece as canles de cooperación necesarias coa FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALARÍA DE PONTEVEDRA "FEPROHOS" a través da subvención dos gastos derivados da contratación do persoal necesario para realizar a programación, organización e execución das actividades a desenvolver, entre elas, actividades e proxectos para o desenvolvemento dunha serie de accións encamiñadas á inserción social e laboral, mediante a información, formación, orientación e asesoramento, así como a intermediación entre as empresas do sector da hostalaría e os/as demandantes de emprego de Vigo.

Desta vontade común entre o Concello e a Federación nace este acordo que se plasmou coa sinatura do citado convenio. En donde se contemplaba que as axudas directas poderían recaer nas empresas asociadas relacionadas co sector da hostalaría, na proposta de FEPROHOS contemplábase que estas axudas serían para a contratación de 15 camareiros/as, 35 axudantes/as de camareiros/as, 35 cociñeiros/as e 15 auxiliares de cociña.

Tras realizar unha comisión de seguimento o pasado 5 de febreiro de 2013, comentáronos que aínda que queren cumprir coa contratación das 100 por un período mínimo de 6 meses, atópanse bastante limitados co perfil que eles mesmos marcaron dende o principio.

Para o que nos solicitan a posibilidade de ampliar o ámbito de aplicación deste convenio ao sector de servizos e variar o perfil das posibles contratacións. Ampliándose a posibilidade de acadar un emprego e acceder a un contrato laboral, ao mesmo tempo que as empresas do sector servizos son unha posible fonte de novos empregos, cumprindo deste xeito co fin primordial deste convenio de colaboración que é a de reducir, nestos tempos de crise que corren, o número de persoas desempregadas na nosa cidade.

Remarcamos que este cambio non afectaría en ningún punto do convenio, e non suporía variación económica do montante conveniado.

Tras facer unha consulta o servizo de Intervención, a técnica de fiscalización informa do seguinte xeito:

“...A posible ampliación do ámbito das posibles contratacións debe limitarse aos fins da FE-PROHOS esto é promover o desenvolvemento económico e social do sector da hostalaría e o turismo na provincia, asimesmo ter en conta o periodo dos gastos subvencionables 1 de outubro de 2012 a 31 de marzo de 2013.”

Polo que se solicita a Xunta de Goberno Local, aprobar o seguinte acordo:

- Aprobar que o ámbito de aplicación deste convenio se amplie da intermediación entre as empresas do sector da hostelería e se contemple tamén ó sector turismo.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(253).- SOLICITUDE DE CUALIFICACIÓN COMO ILE (INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO) DA EMPRESA “ABASTOS DELICATESSEN”. EXPTE. 9587/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 18.03.13, o concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “**ABASTOS DELICATESSEN**” promovido por Borja Cendón González, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio pola Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011).

16(254).- SOLICITUDE DE CUALIFICACIÓN COMO ILE (INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO) DA EMPRESA “REDPIPE SOLUTIONS S.L.”. EXPTE. 9588/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 18.03.13, o concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “ **REDPIPE SOLUTIONS, S.L.**” promovida por Alfonso Fernandez Perez sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio pola Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

17(255).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “VIGO, UN MAR DE CORAIS” PARA O ANO 2013. EXPTE. 5003/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.03.13, o informe de fiscalización do 14.03.13, e o informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 28.02.13, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo para a organización do programa 2013 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”.

2º.- Autorizar un gasto por importe de 25.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (CIF G-

36.980.928), con cargo á partida presupostaria 3380.489.0003 (Convenio Acopovi) do programa presupostario de Festas para o exercicio 2013.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE
CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA 2013 “VIGO, UN
MAR DE CORAIS”*

Na Casa do Concello de Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, don Cayetano Rodríguez Escudero, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno de data 8 de febreiro de 2013.

Doutra, don Enrique Lorenzo Vila, como presidente da Asociación de Corais polifónicas de Vigo (ACOPOVI), CIF nº G-36.980.928, inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co número 1110-10 e enderezo social en Vigo, na rúa Ecuador nº 17 – CP 36203, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 4414/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación de Corais Polifónicas de Vigo ten entre outros fins, segundo os seus estatutos, os de: promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestión de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.

II.- Que a Concellería de Cultura, Festas e Museos a través do seu servizo de Festas vén realizando unha importante labor de descentralización da programación cultural polos numerosos barrios da nosa cidade, baseada no apoio, difusión e potenciación das artes escénicas e musicais, e que se concreta na organización de ciclos permanentes coas bandas de música, corais polifónicas e compañías de teatro de adultos e infantil.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0003, prevé a concesión dunha subvención por importe de vinte e cinco mil euros a favor da Asociación de Corais polifónicas de Vigo, para o convenio de organización do programa de concertos de corais polifónicas “Vigo, un mar de corais”. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun programa de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla asistencia por parte do público. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida entidade. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da

devandita subvención, cuxo obxecto é a organización do programa de concertos de corais polifónicas "Vigo, un mar de corais".

V.- Que a Asociación de Corais polifónicas de Vigo (ACOPOVI) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 5003-335

VI.- Que o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO veñen organizando desde o ano 2003 diversos ciclos de actuacións de agrupacións de músicas corais, mediante convenios de colaboración, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.

VII.- Que a ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO aglutina a 35 corais polifónicas de Vigo e está interesada en participar neste ciclo durante o exercicio 2013, tal como solicitou ó CONCELLO.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, deportivo, cultural etc.) que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Corais polifónicas de Vigo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Corais polifónicas de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo en canto á organización e programación de diversos ciclos estábeis de actuacións de corais polifónicas da nosa cidade polos barrios vigueses. Este programa chamarase "Vigo, un mar de corais" e nel participarán trinta e seis corais polifónicas de Vigo. Concretamente, a entidade beneficiaria comprométese a:

1. Realizar 105 (cento cinco) actuacións. Cada coral realizará tres actuacións, unha delas de carácter gratuito, no lugar, día e hora que determine o Concello.
2. A concellería de Festas comunicará a Entidade os lugares, datas e horas das actuacións de cada coral:
 - Se a data indicada estivese dispoñíbel, a coral quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.
 - Se a data estivese comprometida previamente, a coral terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.
 - Toda a actuación que se realice sen a autorización previa da concellería de Festas non será aboada con cargo a este convenio.
3. De mutuo acordo entre o Concello e a Entidade desígnase a D. Enrique Lorenzo Vila como coordinador desta programación, coa función principal de servir de conexión entre ambas as partes: determinar as datas e horarios dispoñíbeis de cada coral, solicitar posíbeis cambios, comunicar incidencias...
- 4º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano real ou presunto que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa "Vigo un mar de corais", asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera

accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

5. Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

6. Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución de cada actuación, en particular a edición gráfica dos repertorios de cada concerto.

7. Coordinar con cada coral e nun lugar perfectamente visíbel do escenario da actuación, a instalación desmontábel dos soportes publicitarios institucionais achegados pola Concellería de Festas. No caso de que algunha das corais incumpra este apartado, o Concello poderá decidir que non lle sexa aboado o importe correspondente a esa actuación. Así mesmo, cada coral responsabilizarase da conservación da estrutura durante a vixencia do convenio.

8. As corais presentarán a ACOPOVI solicitude de pago das actuacións realizadas, coas correspondentes "certificacións de actuación" (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio) antes do día 15 de decembro.

En xeral, a entidade comprométese a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Cultura, Festas e Museos deberán asumir os seguintes compromisos:

- Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír o logotipo do Concello de Vigo naquel que edite a propia entidade.

- Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da coral.

- Cubrir a "certificación de actuación", da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posíbeis incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.

- Presentar o concerto facendo unha mención breve ó historial da coral, repertorio a executar e entidades que colaboran para a programación do concerto.

Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.- Programar as datas e lugares dos concertos con cargo a este convenio.

2.- Comunicarlle ás corais os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais. Debido a isto, poderanse desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.

3.- Editar o material gráfico necesario para a difusión e publicidade dos concertos e remitir ós medios de comunicación a información acerca das actuacións programadas.

4.- Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade e consensuadas coa propia coral, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc.

5.- Conceder directamente á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, unha subvención para a edición 2013 por importe de 25.000,00 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo a proposta presentada por ACOPOVI que figura como anexo ó convenio, e que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Festas.

O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Cuarto.- Os concertos con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se realicen. Os lugares concretos de actuación serán decididos pola Concellería de Festas, tendo en conta as seguintes necesidades técnicas:

- Escenario adecuado e suficiente para a actuación da coral.
- Estrutura para a disposición dos membros da coral en tres niveis.
- Cadeiras para o público.
- Local a modo de camerinos para cambio de vestiario.

Quinto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Sexto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto terceiro deste convenio farase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.5128.06.3040005172 domiciliada en Novacaixagalicia, da que é titular a beneficiaria e segundo o seguinte detalle:

- a) Un primeiro pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena do mes de maio polo importe correspondente ao número de actuacións deste período.
- b) Un segundo pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena de setembro polo importe correspondente ao número de actuacións deste período (xuño, xullo, agosto e primeira quincena de setembro).
- c) Un terceiro pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na primeira quincena de decembro polo importe correspondente ao número de actuacións desde último período (segunda quincena de setembro, outubro, novembro e decembro) e na parte proporcional á contía de subvención xustificada.

A beneficiaria terá que acreditar xunto coas solicitudes dos tres pagamentos, as memorias parciais de actuación e económica correspondentes a cada período conforme o recollido no pacto décimo primeiro deste convenio.

Os pagamentos tramitaranse previa certificación do persoal técnico de Festas, na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio e a conformidade cos xustificantes presentados.

Sétimo.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitavo.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Noveno.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Décimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- A beneficiaria, nos prazos establecidos no pacto sexto deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar informes parciais e un informe final relativo ó desenvolvemento do programa "Vigo, un mar de corais", onde figurarán como mínimo:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, certificacións das actuacións, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- Facturas das actuacións realizadas emitidas á ACOPOVI (programa "Vigo, un mar de corais"), que serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio, Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de*

facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

Décimo segundo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo terceiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 euros por execución de obra ou 18.000 euros no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo cuarto.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Festas. O persoal técnico do servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños.

Décimo oitavo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio realizarase en base ás "certificacións de actuación" asinadas pola entidade correspondente, á memoria e informe que presente a ACOPOVI e da presenza de persoal técnico do servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos durante os concertos que se determinen.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Vixésimo.- A cancelación do presente convenio con algunha das corais participantes poderá producirse unilateralmente por parte do CONCELLO por algún dos seguintes motivos:

- Unha incomparecencia inxustificada a un concerto;*
- Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións;*
- Por non ter presente no escenario os soportes de difusión e publicidade institucional en dous concertos.*

Vixésimo primeiro.- O concelleiro de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo segundo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo terceiro.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo.

Vixésimo cuarto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e na data que se indican.

18(256).- PRÓRROGA DE CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVICIOS SOCIAIS CO Nº F-00473-C-008. EXPTE. 5605/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-008 por un período máximo de 6 meses de duración a contar desde o día 1 de abril de 2013 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 5605/224.

19(257).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CONTENERIZACIÓN SOTERRADA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3121/252.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 13.03.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Quedar enterada das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación respecto dos seguintes licitadores:

1. IMESAPI, S.A., Por non acreditar a solvencia técnica xa que non presenta certificados de boa execución de traballos similares os do obxecto do contrato
2. Contener S.L. ; Por incluír no sobre B a documentación do local a aportar no termo municipal de Vigo. Tal como dispón a cláusula 12 apartado B do prego de cláusulas administrativas particulares será causa de exclusión da licitación a incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC. En este apartado das FEC se recollen entre outros como criterios avaliábeis mediante fórmula a aportación dun local no termo municipal de
3. Equipos y Servicios del Noroeste, S.L: Por non cumprir a oferta coas especificacións dos pregos de cláusulas técnicas e administrativas xa que non presentou un programa de mantemento preventivo e de conservación.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo.(exped 3121-252) no seguinte orde decrecente:

Posición	LICITADOR	Puntuación total sobre B	Puntuación total sobre C	Puntuación Final
1º	ECOLIM	7,5	70	77,5
2º	FORMATO	9	60,03	69,03

Terceiro.- Requirir ó licitador clasificado en primeiro lugar Ecolimsistem, S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.-Requirir ó citado licitador o aboamento de 624,76 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Quinto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

20(258).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS A FAVOR DA EMPRESA DESSA URBANISMO S.L.N.E., EN CONCEPTO DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA REHABILITACIÓN PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN ARQUEOLÓXICA DA ROMANIZACIÓN DA RÍA DE VIGO, ASÍ COMO A REDACCIÓN DO ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE. EXPTE. 6886/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15.03.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, conformado pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, do 5.03.13, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a nulidade da prestación de servizos prestados pola entidade DESSA URBANISMO, S.L.N.E.

2º.- Aprobar o recoñecemento extrajudicial de créditos a favor da empresa DESSA URBANISMO, S.L.N.E., co CIF B-94007556, en relación coa redacción da modificación do proxecto básico e de execución de rehabilitación de edificio para centro de interpretación histórica arqueolóxica da romanización da ría de Vigo, e polo concepto de redacción do estudo de seguridade e saúde, consonte coas facturas nº 001/2012 e 002/2012, que foron presentadas o 03/01/2012, data na que se rexistrou incorrectamente o escrito no que se relacionaban as facturas entregadas, polo que éstas son

registradas correctamente con data 5 de marzo de 2013, cos seguintes números de documento: 130026319, no caso da factura 001/2012 e 130026318, no caso da factura 002/2012, por un importe total de euros 25.960 euros (IVE engadido), con cargo á partida 3360.2270600 (R. EXT. C. REDACCIÓN PROXECTO FINCA MIRAMBEL).

21(259).- NOMEAMENTO INTERINO DE DOUS OFICIAIS SEPULTUREIROS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. 23924/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 13.03.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 5.03.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Oficiais Sepultureiros/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Cemiterios, contidas no escrito de data 9 de xaneiro de 2013 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 22.320,00€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D. ALBERTO COSTAS VILLAR, DNI 36.125.172-S e, D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ, DNI 36.055.110-B, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición nas derradeiras convocatorias para a provisión de prazas de oficial sepultureiro, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 205, oficial sepultureiro, sendo adscritos ao Servizo de Cemiterios (cód. 303).

Cuarto.- A xonada laboral dos traballadores nomeados, desenvolverase en xornada partida de mañá e tarde –08,45 a 13,00 e de 15,15 a 18,30 horas-, en calquera dos oito cemiterios municipais.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día

seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

22(260).- EXECUCIÓN SENTENZAS XUDICIAIS DO XULGADO DO SOCIAL Nº 2, EN MATERIA DE CANTIDADES DE Dª CARMEN MOURIÑO BARROS (FONDO SOCIAL 2010-2011). EXPTE. 23930/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 12.03.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior , do 4.03.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Tomar razón das sentenzas do Xulgado do Social Nº 2, nº 696/2011 e 313/2012, e proceder ao seu cumprimento, procedendo a abonar a Dª Mª Carmen Mouriño Barros (DNI36.034.765-K) a cantidade de 1.165 €, correspondentes a fondo social do ano 2010 e 2011, a efectos de dar cumprimento as citadas sentenzas, dispoñendo o seu abono na vindeira nómina municipal.

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 2 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade a Intervención Xeral, Comisión do Fondo Social, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.

23(261).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE REALIZACIÓN DA CAMPAÑA ORDINARIA DE DESRATIZACIÓN PARA O ANO 2013. EXPTE. 23873/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 12.03.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 4.03.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aproba-la realización da campaña ordinaria de desratización no termo municipal de Vigo para o ano 2013, a realizar polo propio persoal municipal do servizo de desinfección, co apoio de dun oficial conductor do Parque Móbil, previsto o seu inicio no mes de Maio de 2013

Segundo.- Dispoñer que polo Servizo xestor se proceda a remisión ao Servizo de Recursos Humanos de informe acreditativo fa efectiva realización dos traballos , relación de efectivos participantes, datas de inciiio e finalización da campaña e demais aspectos relevantes, ao efecto de valorar a procedencia de outorgamento ou recoñecemento de eventuais complementos de produtividade nos termos recollidos nas vixentes instruccións sobre plantilla

A percepción do dito complemento quedará supeditada ó informe da xefatura do Laboratorio municipal no que se acredite a correcta prestación dos servizos extraordinarios que implica o desenvolvemento da campaña, e no que se informe favorablemente a dedicación e rendemento dos traballadores do servizo, non orixinando o seu abono ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo

Dése traslado do presente acordo ao interesado, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.

24(262).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2013. EXPTE. 23932/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 12.03.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 7.03.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e remata por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Febreiro-2013 e que ascenden a un total 604'89 € (seiscentos catro euros con oitenta e nove céntimos), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

25(263).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO 2013. EXPTE. 23925/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 12.03.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 7.03.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores

que figuran na relación que se achega e que comezan por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Febreiro-2013, e que ascenden a un total de 649'46 € (seiscentos coarenta e nove euros con coarenta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

26(264).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2013. EXPTE. 23926/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 12.03.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 7.03.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Febreiro de 2013, e que ascenden a un total de 982'80 € (novecentos oitenta e dous euros con oitenta céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

27(265).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL, CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO 2013. EXPTE. 23933/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 12.03.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 7.03.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, corresponde aboar a don Florentino Prieto Domínguez, a cantidade que figura na relación que se achega e que ascende a un total de 90'80 euros (noventa euros con oitenta céntimos), correspondente ao mes de Febreiro de 2013 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

28(266).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A PERSOAL DO SERVIZO DE ELECTROMECAÑICOS POR LIMPEZA ESPECIAL DE FONTES PÚBLICAS ORNAMENTAIS, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE 2012. EXPTE. 23877/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 12.03.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de

Recursos Humanos, do 6.02.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer aos empregado municipais adscritos ao Servizo de Electromecánicos que *participan no operativo da limpeza especial das fontes públicas ornamentais*, D Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136 as cantidades que a continuación se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instrucións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, correspondentes ao 4º trimestre do ano 2012.

N persoal	Nome	a percibir
14491	Juan Davila Perez	350
79136	Francisco J Bea Puentes	280

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 630,00€ en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136, polo período correspondente ao 4º trimestre do ano 2012.

29(267).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DE DATA 04.03.2013, DE ADSCRIPCIÓN DE FUNCIONARIOS DE CARREIRA A PRAZAS DE INTENDENTE DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 23906/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do Decreto do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 4.03.13, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 22 de febreiro de 2013, acordou o nomeamento como funcionarios de carreira, con cargo a prazas vacantes de Intendente do Corpo da Policía Local, aos funcionarios en prácticas D. Francisco Martínez Muñoz, D.N.I. 36.023.165-J e D. Alberto Carballo Acuña, D.N.I. 36.069.952-H, pola quenda de promoción interna, funcionarios que superaron o regulamentario curso selectivo contemplado na Base VIII das específicas da convocatoria, praza da que tomaron posesión con efectos de 1 de marzo pasado.

Por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 16/10/2012, D. Francisco Martínez Muñoz, foi nomeado xefe en funcións da Policía Local, ata a finalización do permiso oficial concedido ao Superintendente-xefe da Policía Local con data 29/06/2012.

Por iso, en uso das facultades que me confire a vixente lexislación de réxime local

RESOLVO:

“Primeiro.- Adscribir aos funcionarios de carreira, con praza de intendente do corpo da Policía Local D. FRANCISCO MARTÍNEZ MUÑOZ, D.N.I 36.023.165-J, nº persoal 13712, e D. ALBERTO CARBALLO ACUÑA, D.N.I. 36.069.952-H, nº persoal 18320, ó posto núm. 54, de igual denominación, no Servizo Cód. 212-Policía Local, Grupo A1 de titulación, Grupo cotiz.: 01, Centro coste; 132.0.”

Segundo.- A presente adscripción mantén vixente o nomeamento como xefe en funcións da Policía Local de D. Francisco Martínez Muñoz nos termos da resolución de data 16/10/2012.

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

A presente Resolución, que surtirá efectos o día 1 de marzo de 2013, data da súa toma de posesión, notifíquese aos interesados, Servizo de Recursos Humanos, Organización e Métodos, Superintendente xefe do Corpo da Policía Local, Xefe da Área e Concelleiro-delegado da Área de Seguridade, Mobilidade e Extinción de Incendios, Intervención Xeral e Comité de Persoal, ós efectos oportunos.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

30(268).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DE DATA 01.03.2013, AUTORIZANDO REDUCCIÓN DE XORNADA Á DIPLOMADA EN TRABALLO SOCIAL D^a SOFÍA MÉNDEZ CAMAÑO, CON REDUCCIÓN DE RETRIBUCIÓN. EXPTE. 23910/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos do 1.03.13, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 15 de febreiro de 2013 (doc. nº 130019166), D^a Sofía Méndez Camaño, con DNI nº 76.826.904-G e nº persoal 80678, diplomada en traballo social adscrita á Área de Benestar Social, solicita se lle conceda unha redución de xornada coa correspondente diminución proporcional do seu salario, consistente en 3 horas do seu horario laboral (de 08,00 a 12,00 horas), para o coidado dun fillo.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro.- Art. 48.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maíor que requira especial dedicación, ou duna persoa con discapacidade que non desenvolva actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

Segundo.- Dita petición é informada favorablemente pola Xefa do Servizo de Benestar Social, con data 27/02/2013.

Por isto, a funcionaria que subscribe propón ao Concelleiro-Delegado de Xestión municipal a adopción da seguinte resolución:

“Autorizar a redución de xornada de D^a Sofía Méndez Camaño, con DNI nº 76.826.904-G e nº persoal 80678, diplomada en traballo social adscrita á Área de Benestar Social, consistente na

redución da súa xornada laboral en 3 horas (quedando establecida a xornada laboral de 8:00 a 12:00 horas), con efectos a partir do día 04/03/2013, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 48.g) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A presente resolución notifícase á interesada, Xefa do Servizo de Benestar Social, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH, Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) e dese conta á Xunta de Goberno Local.”

O Concelleiro-delegado de Xestión municipal, na mesma data, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

31(269).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS”. EXPTE. 2317/443.

Dáse conta do xefe da Área de Fomento, do 13.03.13, que di o seguinte:

Obra: “ REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS ”. Expte. 2242/443.

Localidade e situación: CÁNOVAS DEL CASTILLO, 4 – TEÓFILO LLORENTE, 18-20.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: D. MARIANO VÁZQUEZ IGLESIAS.

Dirección facultativa: D. JUAN PIÑEIRO FERRADÁS, D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CARDARSO, Dª BEATRIZ ALONSO ASENJO.

Contratista titular do plan: CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:D.GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (Applus Norcontrol, S.L.U).

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. FELIPE VÁZQUEZ ABAL.

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. DANIEL VELASCO PAZOS (CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.)

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: D. DANIEL VELASCO PAZOS (CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.)

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requereidas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS".
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(270).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA "REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS". EXPTE. 2318/443.

Dáse conta do xefe da Área de Fomento, do 13.03.13, que di o seguinte:

Localidade e situación: CÁNOVAS DEL CASTILLO, 4 – TEÓFILO LLORENTE, 18-20.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. MARIANO VÁZQUEZ IGLESIAS.

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 17 de outubro de 2012 aprobou o proxecto de REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS, cun orzamento de base de licitación de 2.200.000,00 €, e en data 28 de decembro de 2012 en sesión extraordinaria e urxente acorda a adxudicación definitiva das obras á empresa CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U. por un prezo total de 1.743.907,15 euros.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. JUAN PIÑEIRO FERRADÁS, D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO e D^a BEATRIZ ALONSO ASENJO.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria "CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(271).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA Á ASOCIACIÓN FESTAS VIRXE DOS AFRIXIDOS CONSTITUÍDA POLA CELEBRACIÓN DE DITAS FESTAS PATRONAIS NO PARQUE FORESTAL DE ZAMÁNS. EXPTE. 84934/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, do 6.03.13, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza en metálico achegada en data 13/08/13 pola ASOCIACIÓN FESTAS VIRXE DOS AFRIXIDOS, NIF G 36790228 , por un importe de 2000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración das festas patronais na honra da Virxe dos Afrixidos en datas 01,02,e 03 de setembro de 2012 no parque Forestal na parroquia de Zamáns, xa que non houbo danos nos espazos solicitados.

34(272).- DAR CONTA DO RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA AS LIQUIDACIÓNS PRACTICADAS POLA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO POLA TAXAS DE OCUPACIÓN DOS TÚNELES DE BEIRAMAR (PASO INFERIOR ÁREA CENTRAL PUERTO E PASO INFERIOR ARENAL-ISAAC PERAL). EXPTE. 7240/540.

Dáse conta do informe-proposta do tesoureiro, do 12.03.13, que di o seguinte:

En relación co asunto de referencia, entendo que procede que pola Concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Contratación procedá a interpoñer recurso de reposición nos seguintes termos:

D^a Raquel Díaz Vázquez, Concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Contratación do Concello de Vigo, actuando por delegación do Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Vigo en virtude do decreto de delegación de competencias de data 7 de febreiro de 2013, ante a Autoridade Portuaria de Vigo comparece e, como mellor proceda en Dereito,

EXPÓN:

- 1. Que con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 14 de febreiro de 2013, recibíronse dúas notificacións de liquidacións practicadas pola Autoridade Portuaria de Vigo a este Concello, ambas polo concepto tributario "tasa ocupación concesiones" correspondentes a "construcción de un paso inferior entre el Berbés y paso inferior Área Cen-*

tral Puerto" (ref. liquidación V/13/2624-Y Vigo) e "paso inferior entre el Berbés y el muelle de comer paso inferior Arenal-Isaac Peral" (ref. liquidación V/13/2625-Z Vigo), correspondentes ámbalas dúas ao período impositivo de 1 de xaneiro a 30 de xuño de 2013 e por importes de 496,05€ e 74.866,18€, respectivamente. Nas citadas notificacións ofrécense a este Concello os oportunos recursos contra a liquidación das taxas; entre eles, o recurso de reposición interposto ante a Autoridade Portuaria de Vigo.

2. Que, non estando conforme coas citadas liquidacións interpón, en tempo e forma legais, o presente RECURSO DE REPOSICIÓN, con fundamento nas seguintes

ALEGACIONES:

PRIMEIRA.- O Tribunal Constitucional, na súa Sentenza 233/1999, do 13 de xullo, e, congruentemente, a normativa vixente sobre a materia, distinguen os seguintes tipos de uso dos bens integrantes do dominio público:

1. *Uso común: O que corresponde por igual e de forma indistinta a todos os cidadáns, de modo que o uso por uns non impide o dos demais interesados.*
2. *Uso que implica un aproveitamento especial do dominio público: O que, sen impedir o uso común, supón a concorrencia de circunstancias tales como a perigosidade ou intensidade deste, preferencia en casos de escaseza, a obtención dunha rendibilidade singular ou outros semellantes, que determina un exceso de utilización sobre o uso que corresponde, a todos ou un menoscabo deste.*
3. *Uso privativo: O que determina a ocupación dunha porción do dominio público, de modo que se limita ou exclúe a utilización deste por outros interesados.*

SEGUNDA.- O dominio público portuario réxese pola súa lexislación específica, Real Decreto Legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante (en adiante LPEMM), con prioridade a ningunha outra normativa, segundo dispón o artigo 67.1 da propia LPEMM así como o 4.11 da Lei 22/1988, do 28 de xullo.

En consecuencia, e tal e como dispón o artigo 162 da LPEMM "As taxas portuarias rexeranse polo disposto nesta Lei e, no non previsto nesta, pola Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria e as normas regulamentarias dítadas en desenvolvemento das mesmas".

TERCEIRA.- A LPEMM establece, en relación co asunto de referencia, o seguinte:

"Artículo 161. Tasas portuarias.

1. *Las tasas portuarias son las exigidas por la utilización privativa o aprovechamiento especial del dominio público portuario y por la prestación del servicio de señalización marítima.*

2. *Las tasas portuarias a las que se refiere el apartado anterior son las siguientes:*

(n) Tasa de ocupación, por la ocupación privativa del dominio público portuario.

- (o) Tasa de actividad, por el ejercicio de actividades comerciales, industriales y de servicios en el dominio público portuario.
- (p) Tasas de utilización, por la utilización especial de las instalaciones portuarias.
- (q) Tasa de ayudas a la navegación, por el servicio de señalización marítima.”

Como pode observarse, das distintas categorías de uso do dominio público portuario, a LPEMM no seu art.º 161.2.a) prevé e autoriza ás Autoridades Portuarias a establecer un gravame exclusivamente pola ocupación privativa do dominio público portuario, ocupación que, como acabamos de ver, require que se limite ou exclúa do uso ós demais interesados, circunstancia evidentemente totalmente incompatible cunha vía pública de transporte, exemplo paradigmático de uso común do dominio público.

Isto é, a LPEMM autoriza ás Autoridades Portuarias a esixir taxas de ocupación, exclusivamente cando a ocupación do dominio público portuario sexa privativa, pero non cando o uso ou destino dos bens sexa un uso público, común e xeral, como é o caso que nos ocupa, debendo ter en conta, para estes efectos, que a Lei Xeral Tributaria no seu artigo 13 dispón que “Las obligaciones tributarias se exigirán con arreglo a la naturaleza jurídica del hecho, acto o negocio realizado, cualquiera que sea la forma o denominación que los interesados le hubieran dado, y prescindiendo de los defectos que pudieran afectar a su validez”, e 14 da mesma “No se admitirá la analogía para extender más allá de sus términos estrictos el ámbito del hecho imponible (...)”.

Neste sentido, resulta concluínte que as propias resolucións adoptadas pola Autoridade Portuaria de Vigo polas que se pretenden liquidar as taxas obxecto de impugnación, establecen, de forma inequívoca, que o destino dos bens é o “tráfico de vehículos, con carácter gratuito” nun dos casos, e “vial de uso público para tráfico de vehículos”, no segundo, polo que non cabe a menor dúbida do uso común xeral destes.

A estes efectos achégase informe elaborado pola Oficina Técnica Municipal de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, polo que os túneles en cuestión constitúen “Sistema Xeral Viario de Primeira Categoría”.

Polo exposto, SOLICITA

Que tendo por presentado este escrito se sirva admitilo e ter por interposto en tempo e forma RECURSO DE REPOSICIÓN contra as liquidacións practicadas pola Autoridade Portuaria de Vigo a este Concello, polo concepto tributario “tasa ocupación concesiones” correspondentes a “construcción de un paso inferior entre el Berbés y paso inferior Área Central Puerto” (ref. liquidación V/13/2624-Y Vigo) e “paso inferior entre el Berbés y el muelle de comer paso inferior Aranal-Isaac Peral” (ref. liquidación V/13/2625-Z Vigo), correspondentes ámbalas dúas ao período impositivo de 1 de xaneiro a 30 de xuño de 2013 e por importes de 496,05€ e 74.866,18€, respectivamente, e, en base ós motivos expostos, dicte resolución pola que, con estimación do presente, se anulen e se deixen sen efecto as citadas liquidacións como consecuencia de non poder a Autoridade Portuaria de Vigo practicar liquidacións ó Concello de Vigo taxas de ocupación, cando o uso ou destino dos bens do dominio público ocupados sexa un uso público, común e xeral, e non privativo.

A Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación, o 12.03.13, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

35(273).- DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADOS CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 1.06.12 SOBRE CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO APR A-5-39 VÍA NORTE. EXPTE 5060/401.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 4.03.13, conformado pola xefa da Oficina de Planeamento e Xestión e a xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, e de acordo coa proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Acumular os recursos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local de día 01.06.2012, no Rexistro xeral da XMU en data 27.09.2012 por D^a. Erundina Castro Nimo (doc. 120111068), D^a. M^a. Begoña Anido Castro (doc. 120111071), D^a. Rosa Casas Álvarez (doc. 120111524) e D^a. M^a. Dolores de Miguel Martínez (doc. 120111520) e, en data 28.09.2012, por D. M^a. del Mar Cernadas Ponteveloso (doc. 120111528), D^a. Rosa Vázquez Álvarez (doc. 120111529), D. José Luis Vázquez Álvarez (doc. 120111530), D^a. María Rodríguez Alonso (doc. 120111531), D^a. M^a. Carmen Moreira Moreira (doc. 120111534), D. José Manuel Román Vázquez (doc. 120111535), D. Francisco Jesús Román Vázquez (doc. 120111536), D. José Pedrido Ribada (doc. 120111538), D^a. Beatriz Mariño Lamela (doc. 120111539), D^a. Aurora Comeña Rodríguez (doc. 120111540), D^a. Carmen Mariño Lamela (doc. 120111541), D^a. Carmen Castaño Iglesias (doc. 120111542), D^a. Otilia García Pedrosa (doc. 120111543), D^a. Enma Domínguez Soneira (doc. 120111544), D. Camilo Canda Gómez e D^a. Adelaida Palmira Taboada Presas (doc. 120111545), D^a. M^a. Purificación Fernández Caldas (doc. 120111546), D. José Manuel Cernadas Castro (doc. 120111548), D^a. M^a. Dolores Fernández Caldas (doc. 120111549), D^a. M^a. Elena Gallego Márquez (doc. 120111550), D. Antonio Ángel Riveiro Mariño (doc. 120111551), D. José Manuel Fernández Caldas (doc. 120111552), D^a. Olga Sánchez Mariño (doc. 120111553), D^a. M^a. del Carmen González Otero (doc. 120111554), D^a. Isabel Casalderey Justo (doc. 120111555), D^a. Rosa Casares Mouriño (doc. 120111556), D^a. Milagros García Escudero (doc. 120111558), D. Eulogio Domínguez Castro (doc. 120111557), D. Orlando Vázquez Álvarez (doc. 120111559), D. Amador de la Torre González (doc. 120111560), D^a. Mercedes Caldas Costas (doc. 120111562), D^a. Regina Durán García (doc. 120111563) e D^a. M^a. del Pilar Tuní Carreiro (doc. 120111564).

SEGUNDO: Desestimar os recursos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local de día 01.06.2012, en data 27.09.2012 por D^a. Erundina Cas-

tro Nimo (doc. 120111068), D^a. M^a. Begoña Anido Castro (doc. 120111071), D^a. Rosa Casas Álvarez (doc. 120111524) e D^a. M^a. Dolores de Miguel Martínez (doc. 120111520) e, en data 28.09.2012, por D. M^a. del Mar Cernadas Ponteveloso (doc. 120111528), D^a. Rosa Vázquez Álvarez (doc. 120111529), D. José Luis Vázquez Álvarez (doc. 120111530), D^a. María Rodríguez Alonso (doc. 120111531), D^a. M^a. Carmen Moreira Moreira (doc. 120111534), D. José Manuel Román Vázquez (doc. 120111535), D. Francisco Jesús Román Vázquez (doc. 120111536), D. José Pedrido Ribada (doc. 120111538), D^a. Beatriz Mariño Lamela (doc. 120111539), D^a. Aurora Comesaña Rodríguez (doc. 120111540), D^a. Carmen Mariño Lamela (doc. 120111541), D^a. Carmen Castaño Iglesias (doc. 120111542), D^a. Otilia García Pedrosa (doc. 120111543), D^a. Enma Domínguez Soneira (doc. 120111544), D. Camilo Canda Gómez e D^a. Adelaida Palmira Taboada Presas (doc. 120111545), D^a. M^a. Purificación Fernández Caldas (doc. 120111546), D. José Manuel Cernadas Castro (doc. 120111548), D^a. M^a. Dolores Fernández Caldas (doc. 120111549), D^a. M^a. Elena Gallego Márquez (doc. 120111550), D. Antonio Ángel Riveiro Mariño (doc. 120111551), D. José Manuel Fernández Caldas (doc. 120111552), D^a. Olga Sánchez Mariño (doc. 120111553), D^a. M^a. del Carmen González Otero (doc. 120111554), D^a. Isabel Casalderey Justo (doc. 120111555), D^a. Rosa Casares Mouriño (doc. 120111556), D^a. Milagros García Escudero (doc. 120111558), D. Eulogio Domínguez Castro (doc. 120111557), D. Orlando Vázquez Álvarez (doc. 120111559), D. Amador de la Torre González (doc. 120111560), D^a. Mercedes Caldas Costas (doc. 120111562), D^a. Regina Durán García (doc. 120111563) e D^a. M^a. del Pilar Tuni Carreiro (doc. 120111564), sobre a base dos fundamentos xurídico contidos na proposta *supra* transcrita.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados, significándolles que pon fin á vía administrativa e contra él cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte a súa notificación, perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, excepto no que respecta á acumulación referida no apartado dispositivo primeiro do presente acordo ao non ser susceptible de recurso nos termos expostos no artigo 73 da LRXAP-PAC, e elo sen prexuízo do exercicio das accións legais que estimen oportuno.

36(274).- DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADOS CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 1.06.12 SOBRE APROBACIÓN DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO APR A-5-39 VÍA NORTE. EXPTE 5060/401.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 4.03.13, conformado pola xefa da Oficina de Planeamento e

Xestión e a xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, e de acordo coa proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Desestimar o recurso de reposición presentado por D^a. M^a. Rosa López Varela e D. Óscar Agra Alvescon entrada no Rexistro xeral da XMU o día 27.09.2012 (doc. 120111392), sobre a base dos fundamentos xurídico contidos na proposta *su-pra* transcrita.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á interesada, significándolle que pon fin á vía administrativa e contra él cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte a súa notificación, perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo do exercicio das accións legais que estime oportuno.

37(275).- ADHESIÓN AO MODELO DE ESTATUTOS XERAIS DA ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN DO PLAN PARCIAL DE QUIRÓS. EXPTE. 5087/401.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 8.03.13, conformado polo xefe de Planeamento e Xestión, e de acordo coa proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aplicar á xestión do polígono do Plan Parcial de Quirós o modelo de Estatutos xerais de entidade urbanística de conservación aprobado polo Consello da xerencia municipal de urbanismo de data do 11 de decembro de 2003 (BOP núm. 1 do 2 de xaneiro de 2004).

SEGUNDO: Aprobar a constitución da entidade urbanística de conservación do Plan Parcial de Quirós efectuada en escritura de 17 de decembro de 2012 formalizada polo notario don Julio Manuel Díaz Losada, baixo o número 2083 do seu protocolo.

TERCEIRO: Instar da Xunta de Galicia a inscrición desta entidade no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras e a estos efectos, darlle traslado do presente acordo.

CUARTO: Notificar aos interesados o presente acordo, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra o mesmo caberá interpoñer alternativamente, recurso potestativo de reposición no prazo dun (1) mes ou directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses, a contar ambos prazos dende o día seguinte á notificación do presente acordo.

38(276).- INADMISIÓN POR EXTEMPORANEIDADE DO RECURSO DE ALZADA CONTRA ACORDO DA ASEMBLEA XERAL DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO APR A-5-39 VÍA NORTE. EXPTE. 5083/401.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 4.03.13, conformado polo xefe de Planeamento e Xestión e a xerente de Urbanismo, e de acordo coa proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 15.03.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Inadmitir por extemporáneo, o recurso de alzada con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 28.12.2012 (doc. 120154034), presentado no servizo postal de correos o 26.12.2012, por D^a. Avelina Cejo Pereiras e D. José Rodríguez Martín contra os acordos da Asamblea Xeral Extraordinaria da Xunta de Compensación do «APR A-5-39 Vía Norte» do 21.06.2012.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados, significándolles que pon fin á vía administrativa e contra él cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte a súa notificación, perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo do exercicio das accións legais que estime oportuno.

39(277).- NOMEAMENTO DE DOMICILIO SOCIAL E VICEPRESIDENTE DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA “APR AOD A-4 05 HISPANIDADE”. EXPTE. 5054/401.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 4.03.13, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión e a xerente de Urbanismo, e de acordo coa proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 15.03.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento do domicilio social e da designación e aceptación do cargo de Vicepresidente da Xunta de Compensación da «APR AOD A-4-05 Hispanidade» detallados na escritura pública complementaria outorgada o día 29.11.2012, perante o Notario de Vigo e do Ilustre Colexio de Notarios de Galicia, D. Antonio Andrés Salgueiro Armada, ao nº. 1890 do seu protocolo; quedando, na súa virtude, establecido o domicilio social na rúa López Mora, nº. 56, baixo (C.P. 36211) e nomeada como Vicepresidente, D^a. Lourdes Viqueira García.

SEGUNDO: Remitir o presente acordo ao Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio da CMATI) para que proceda á inscrición da Xunta de Compensación da «APR AOD A-4-05 Hispanidade», xunto co acordo do día 06.07.2012 da Xunta de Goberno Local polo que se aprobou a súa constitución, así como copia debidamente dilixenciada da escritura outorgada o 16.01.2012 perante Notario desta cidade e do Ilustre Colexio de Notario de Galicia, D. José Luis Prieto Fenech, ao nº. 85 do seu protocolo e da escritura pública com-

plementaria outorgada o día 29.11.2012, perante o Notario de Vigo e do Ilustre Colexio de Notarios de Galicia, D. Antonio Andrés Salgueiro Armada, ao nº. 1890 do seu protocolo.

40(278).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 27.436,58 € POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN A NENOS E NENAS NAS LUDOTECAS DA CASA DA XUVENTUDE E PAVILLÓN DE COIA- XANEIRO E FEBREIRO DE 2013. EXPTE. 3852/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.03.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 6.03.12, conformado pola concelleira de Xuventude e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran nas facturas número B/4 e B/6 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 27.436,58 euros en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante os meses de xaneiro e febreiro de 2013 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 27.436,58 euros, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante os meses de xaneiro e febreiro de 2013, partida 3370 2279900 "*Ludoteca Casa da Xuventude e Coia*" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013"

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

41(279).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VIGO RUGBY CLUB PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2012-2013. EXPTE. 12033/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 14.03.13, o informe de fiscalización do 21.03.13 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 5.03.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e pola concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Vigo Rugby Club para o a subvención do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría División de Honor na tempada deportiva 2012/2013.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 30.000,00 €. a favor da entidade Vigo Rugby Club co CIF: G-36680924 e enderezo social na rúa Hernán Cortés, 1, 1º Dcha. en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 12033-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.09 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VIGO RUGBY CLUB PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2012-2013.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil trece.

REUNIDOS

Dunha parte, Alcalde de Vigo Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Ramón González-Babé Iglesias como presidente da entidade Vigo Rugby Club CIF nº G-36680924 e enderezo social na rúa Pontevedra 6, 6ºC en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 12033-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Vigo Rugby Club conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honor desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Vigo Rugby Club desenvolve o proxecto do equipo de elite desta entidade durante a tempada 2012/2013.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- (r) Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.09 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00 €, a favor da entidade deportiva Vigo Rugby Club.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadruar á financiación do proxecto do equipo de elite da entidade Vigo Rugby Club na tempada deportiva 2012/2013.

V.- Que a entidade Vigo Rugby Club non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 12033-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Vigo Rugby Club o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Vigo Rugby Club comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Vigo Rugby Club na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de élite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Vigo Rugby Club (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Vigo Rugby Club unha subvención por importe de 30.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.09 mediante transferencia bancaria á

Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades do equipo de élite da entidade, desenvolvidas na tempada deportiva 2012/2013.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autonomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2012/2013. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sigificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2012/2013.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2013.

42(280).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 15.03.13 “EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LUDOTECAS NA CASA DA XUVENTUDE E COIA”. EXPTE. 3731/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta da proposta de rectificación de erros da concelleira delegada de Xuventude, do 21.03.13, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local aprobou o 15 de marzo de 2013 o acordo polo que se autoriza o gasto de 302.512,00 € para a prestación de Servizos de Xestión e dinamización das Ludotecas municipais, así como a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e a convocatoria da licitación para a selección do contratista.

No punto segundo detectouse un erro nunha data quedando así a súa redacción: (2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares de data 22 de xaneiro, para a contratación deste servizo polo Concello de Vigo, así como o prego de prescricións técnicas de data 22 de xaneiro para a contratación do servizo de Ludotecas na Casa da Xuventude e Coia).

A data que debería figurar é o 20 de febreiro de 2013. Por iste motivo faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA, que se adopte do seguinte acordo:

PRIMEIRO:Aprobar a rectificación do apartado 2º do texto aprobado pola Xunta de Goberno Local do 15 de marzo de 2013 polo que se autoriza o gasto de 302.512,00 € para a prestación de Servizos de Xestión e dinamización das Ludotecas municipais, así como aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e a convocatoria para a licitación para a selección do contratista. Expte 3731/336, sendo a redacción definitiva deste apartado a seguinte:

2º Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares de data 20 de febreiro de 2013, para a contratación deste servizo polo Concello de Vigo, así como o prego de prescricións técnicas de data 22 de xaneiro para a contratación do servizo de Ludotecas na Casa da Xuventude e Coia ”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

43(281).- RECEPCIÓN DEFINITIVA DE OBRAS DE URBANIZACION DO PLAN PARCIAL GANDARIÑA 2-B. EXPTE. 5077/401.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do director dos Servizos Técnicos, do 19.03.13, conformado pola xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, e de conformidade coa proposta do Consello da Xerencia de Urbanismo, de data 22.03.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Recibir definitivamente as obras de urbanización do Plan Parcial Gandariña 2-B, segundo o Proxecto de Urbanización definitivamente aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 07.04.2009 elaborado polos arquitectos D. Alberto Camelle Lago, D. Alberto Cominges Molíns e D. Pedro de la Puente Crespo, con visados do 27.02.2007 e 01.08.2007, acompañados polos planos aportados no trámite de información pública o 08.01.2008 e 11.01.2008 (visados do COAG do 08.01.2008 e 11.01.2008) e completado co proxecto de "Mellora e acondicionamento do acceso existente no p.k. 5+000 da Autovía A-55", autorizado polo Director Xeral de Estradas o día 24.03.2010, de conformidade co informe de data 18.03.2013 do Adxunto ao Director dos Servizos Técnicos.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á interesada, significándolle que pon fin á vía administrativa e fronte ao mesmo pode interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, ou alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo desta cidade, no prazo de dous meses, contados ambos dende o día seguinte a súa notificación, sen prexuízo do exercicio das accións legais que procedan en defensa dos seus intereses.

TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo para o seu coñecemento e efectos ao Ministerio de Fomento (Unidade de Estradas de Pontevedra, da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia da Dirección Xeral de Estradas – Secretaría do Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda-).

CUARTO: Dar traslado do presente acordo aos Servizos Técnicos da XMU, á OSPIO, ao Servizo de Montes Parques e Xardíns, ao Servizo de electromecánicos, ao Departamento de Mobilidade, Transporte e Seguridade, ao Servizo de Limpeza e á Oficina de Licenzas para o seu coñecemento e efectos oportunos.

42(282).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e doce minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.